

CONSELLO TERRITORIAL DO COUTO

Data: 25 de abril de 2022

Lugar: Local Social do Couto

Hora de comezo: 18:00 h.

Hora de remate: 19:30 h.

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Catalina M^a García Blanco (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Conrado Videla Villemar (AMICOR)
- Eugenio Carballino López (Bloque Nacionalista Galego)
- José David Pita Breijo (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Juan Pablo Mauriz Romero (Terra Galega)
- Ramón Francisco Couto Bellas (AVV do Couto)
- Xosé Francisco Roade Servia (AVV do Couto)
- José Manuel Couzo Fernández (CD Lodairo)

Xunto con Martín Vázquez Añel en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e acollida

Catalina García dá a benvida a todas as persoas participantes. Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1. Información sobre o estado das Asociacións, preguntamos a cada representante como se atopa a súa entidade nestes momentos, que previsión de actividades teñen para os próximos meses e que precisan do Concello para poder desenvolver a súa labor. Este bloque é o principal dos Consellos Territoriais de primavera.

2. Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais (do segundo semestre do ano pasado). Aínda que a actualización sobre as cuestións compartidas é algo sobre o que traballar principalmente nos Consellos Territoriais de outono (para ver o avance con respecto ás necesidades de primavera), na segunda parte do Consello revisamos aquelas cuestións recollidas na folla de seguimento das que a veciñanza solicita información.

3. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

4. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiros/as da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Ábrese o espazo coa representación do CD Lodairo compartindo que na actualidade non teñen actividade en canto a competición. Os motivos son fundamentalmente económicos, dada a dificultade na obtención de patrocinios, polo que estes anos estiveron en *stand by*, mantendo a actividade mínima pero sen organizar nada. No seu momento recibiron unha subvención, pero agora é complicado mesmo solicitar e xustificar.

Por outra banda, a AVV do Couto manifesta o seu desexo de retomar a actividade. Da man da coral, están a organizar Tempo de Música, e reactivar outras iniciativas como a lumeirada e os pinchos de San Xoán. Hai pouco tiveron un encontro con varias corais e no entroido organizaron un encontro-baile con crianzas grazas a unha subvención.

O Aturuxo de Melpómene mantén unha actividade de teatro, a desenvolver 3 ou 4 domingos. Mantén tamén un grupo de ioga. Teñen intencións de retomar a actividade no seu conxunto en setembro e reactivar o cobro da cota ás socias e socios.

AMICOR, tamén en pausa na súa actividade polo impacto da pandemia, e de xeito específico polo perfil das persoas socias. Queren retomar as actividades de exercicio físico (como as camiñadas á Malata) a partir de setembro. Colaborarán coa Sociedade de Medicina de Familia, que está a organizar un congreso en Narón. Tamén comparten ter dificultades de financiamento por non ter cobrado as cotas durante estes anos.

En relación a isto, xorden mensaxes de apoio e ánimo por parte dun veciño que comenta o difícil que foi vencer o medo nestes tempos, mais comparte a súa experiencia como parte dunha entidade que viviu momentos ilusionantes en medio desta situación, e que incluso cobraron máis cotas de socias que nunca.

Tras as intervencións das distintas asociacións presentes, David Pita pregunta ás entidades veciñais se reciben algún tipo de apoio da Deputación da Coruña. Dende o CD Lodairo informan que, a pesar da súa intención de solicitar algunhas, resultaron incompatibles con outras. David consultará a cuestión da incompatibilidade.

Catalina García pregunta se xa hai información sobre a festa do pemento do Couto e manifesta a súa intención de preguntar no Padroado de Cultura se hai algunha

actividade que vaian retomar. David informa que desenvolverán unha campaña para promocionar o pemento.

A raíz desta pregunta, solicítase información sobre outros eventos, como a realización dos Maios (ao que o Concello responde que se retomará a actividade con normalidade). E xorden outras cuestións recollidas en anteriores Consellos.

Actualización das cuestións recollidas no anterior Consello Territorial:

- A conservación do patrimonio cultural/ambiental: Nesta reunión xorden varias preocupacións nestas cuestións:
 - A limpeza da vexetación na contorna da Igrexa: O Concello informa que só pode encargarse da limpeza de terreos municipais, mais Catalina solicitará ao Concelleiro de Medio Ambiente que comunique á persoa propietaria dos terreos a necesidade de manter e limpar a finca.
 - Sinalización do Camiño de Santiago: Pablo Mauriz explica que toda a sinalización relacionada co Camiño é supervisada pola Xunta de Galicia, neste caso polo Consorcio do Camiño Inglés. Dende o seu rol como administración local poderían trasladar unha suxestión para que realicen a debida corrección, mais non teñen capacidade de actuación.
 - Infórmase de que, no campo da contorna do local, a empresa que fai a limpeza da finca ás veces dana as árbores coa maquinaria, que nalgún caso secaron. Solicitan que se revise isto e a protección do pé das árbores.
 - Toponimia da parroquia: Pregúntase que está a pasar coa toponimia na parroquia, especificamente na sinalización. Pedirase información ao respecto.
- O mantemento do equipamento local: En canto a estas cuestións, menciónase a problemática das fiestras do local social, que continúa igual que no anterior CT (recórdase que o Concello ten un plan de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións municipais con máis consumo, mais aínda non se actuou). Na pista polideportiva desta mesma zona, a rede que separa a pista dos xogos infantís está deteriorada e pode chegar a ser un risco, sobre todo no punto tras a portería. Notificarase a Deportes.
- Mantemento e novos recursos viarios: Por unha banda, fálase do aparcamento do centro de saúde. Infórmase de que a previsión é que no mes de xullo se faga a licitación. Pablo Mauriz aclara que, no seu momento, o Concello comprometérase a facer o vial de acceso ao centro, mais non o aparcamento. A maiores fixo a rolda de acceso ao centro, e sabendo a necesidade do aparcamento, a Xunta fixo o proxecto e será o Concello quen o financie con fondos europeos.

Tamén se menciona a necesidade de instalar bandas sonoras no camiño do Lodairo e revisar as que xa están ubicadas na subida ao Castro de Cornido. Informarase á Policía Local.

- Posible fábrica de baterías - Poligal: David Pita informa que é aínda un proxecto, mais contan con que finalmente se instalen no concello. Neste caso, esa planta sería unha primeira actividade industrial, previa á creación da fábrica no polígono do Río do Pozo.
- PXOM: O equipo redactor está revisando a documentación para a aprobación inicial. Esta mesma semana, na que se celebra este Consello Territorial, está prevista unha xuntanza do equipo redactor co persoal técnico do Concello.

PECHE

Péchase a reunión, cúbrese a folla de rexistro das persoas participantes, así como a de protección de datos e dereitos de imaxe, e despídese ata a seguinte convocatoria.

No Couto, a 25 de abril de 2022.

A Secretaría